

Gnomoniopsis smithogilvyi LA Shuttleworth, ECY Liew e DI Guest (sin. *Gnomoniopsis castaneae* Tamietti), presenza en *Castanea sativa*

1.1 ANTECEDENTES

Gnomoniopsis smithogilvyi LA Shuttleworth, ECY Liew e DI Guest (sin. *G. Castaneae Tamietti*), foi recentemente descrito como responsable da formación de cancro en castiñeiro (Pasche et al. 2016). Este fungo xa era coñecido e foi descrito nun primeiro momento como un patóxeno causando podremia no froito (Crous et al., 2012) en Australia. Magro et al. (2010) mencionaron que un *Gnomoniopsis* sp. podería estar asociado a necrose en follas. Maresi et al. (2013), informaron tamén da presenza de *Gnomoniopsis* sp. sobre bugallas inducidas pola avespa *D. kuriphilus*.

Detectouse sobre diferentes especies arbóreas e arbustivas da familia *Betulaceae*, *Fagaceae*, *Oleaceae* e *Pinaceae*, incluíndo o castiñeiro (*C. sativa*, *C. crenata* e híbridos entre as dúas especies), abeleira (*Corylus avellana* L.), aciñeira (*Quercus ilex* L.), e piñeiro marítimo (*Pinus pinaster* Aiton).

Descrito por primeira vez en 2012 informouse de *Gnomoniopsis smithogilvyi* en varios países de Europa, Asia e Australia. A primeira detección en Galicia foi no ano 2020. Durante o presente ano, debido as condicións climatolóxicas, estase detectando unha maior presenza de danos producidos por este, e outros fungos nos froitos do castiñeiro. Ao tempo, detectáronse fortes ataques de antracnosis (*Micosphaerella maculiformis*) nas follas dos castiñeiros.

Por medio dos convenios que a Consellería do Medio Rural ten establecido co centro de Desenvolvemento Agroforestal do concello de Riós e co Laboratorio Fitopatolóxico do Areiro, estase levando a cabo a recollida de mostras para a súa análise nos concellos de Viana do Bolo, Castrelo de Val, Vilardevós, A Gudiña, A Mezquita e Riós.

O primeiro dos resultados destas análises, corresponde cunha mostra tomada no concello de Riós e confirma a presenza de *Gnomoniopsis smithogilvyi* xunto con outros complexos fungicos e insectos minadores da castaña. O resultado desta análise pódense ver no *Anexo análises realizadas*.

Aínda que é cedo para coñecer o desenvolvemento destes ataques no vindeiros anos, xa que pode ser moi ligado as especiais condicións climáticas desta primavera e verán.



Con todo, o establecemento de parcelas de avisos fitosanitarios que neste intre está a executar a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal en cooperación con distintas asociación do sector da castaña, permitirá facer un seguimento continuo das pragas e doenzas dos castiñeiros.

SINTOMAS

A produción de froitos comestibles pode verse comprometida en graos variables como consecuencia de factores moi diversos: estrés abiótico, patóxenos ou pragas e enfermidades, cuxa presenza pode reducir o froito, en rendemento e calidade. Estas ameazas poden afectar á saúde das árbores reducindo a súa vitalidade e determinando un descenso substancial na produción de castaña.

Os síntomas, dependendo da progresión da enfermidade, poden presentar confusión con enfermidades causadas por outros patóxenos fúnxicos como *Cryphonectria parasitica* (Murrill) .

Os síntomas na madeira son en forma de cancros e pódense diferenciar visualmente pola cor dos picnidios. Mentres que os picnidios de *C. parasitica* teñen unha cor máis laranxa, os de *Gnomoniopsis smithogilvyi* son de cor máis avermellada que se escurece ata negra co paso do tempo.

Os froitos quedan secos, sen desenrolar e pode producir caída prematura dos ourizos. (Ver anexo fotográfico)

1.2 MEDIDAS CULTURAIS

Tendo en conta os sistemas de reprodución deste fungo, un eficaz estratexia é **a eliminación dos restos do castiñeiro caídos sobre o chan, e de maneira moi especial, a retirada dos ourizos afectados.**

Na actualidade estase a estudar outras posibles actuacións sobre a enfermidade, como pode ser a busca de pés de *Castanea sp*, resistentes a doenza, ou a utilización de determinadas bacterias e fungos que poderían actuar como antagonistas contra *G. castaneae* (Pasche et al. 2016b).



ANEXO FOTOGRÁFICO



Foto 1. Interior dos froitos danados polo fungo.



Foto 2. Aspecto dun ourizo con danos



Foto 3. Caída temperá dos ourizos danados.



ANEXO ANÁLISES REALIZADAS

Informe de resultados

Nº da mostra	923/2021
Data de recepción	22/10/2021
Nº expediente	Unidade Mixta
Cultivo	Castiñeiro/Castaño
Data inicio análise	22/10/2021

Nº ▲	TIPO	ANÁLISE/ANÁLISIS	PROBA/PRUEBA	RESULTADO	DETECCIÓN
	FOLLAS	FUNGOS	Análise morfolóxica/molecular	<i>Gnomoniopsis smithogilvyi</i>	POSITIVO
	FROITO	ARTRÓPODOS	Artrópodos morfoloxía	<i>Curculio elephas</i>	POSITIVO
		ARTRÓPODOS	Artrópodos morfoloxía	<i>Cydia splendana</i>	POSITIVO
		FUNGOS	Acículas morfoloxía/molecular	<i>Gnomoniopsis smithogilvyi</i>	POSITIVO
	OURIZOS	FUNGOS	Análise morfolóxica/molecular	<i>Epicoccum nigrum</i>	POSITIVO
		FUNGOS	Análise morfolóxica/molecular	<i>Gnomoniopsis smithogilvyi</i>	POSITIVO
		FUNGOS	Análise morfolóxica/molecular	<i>Fusarium torulosum</i>	POSITIVO

Se ten algunha dúbida consúltenos / Si tiene alguna duda consúltenos